



Nº 48 - 2021

CIG

www.cig.gal

Boletín  
Sindical

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

## Medra a ofensiva contra as reformas laborais A CIG convoca mobilizacións nas sete cidades o xoves 20 de maio

A CIG vai intensificar a campaña iniciada meses atrás para esixir a derrogación das reformas laborais e para forzar unha saída galega xusta da crise. O Secretario Confederal acordou a convocatoria de mobilizacións nas sete cidades o xoves 20 de maio para denunciar que as normativas laborais aprobadas polos Gobernos do PP e do PSOE están a ser utilizadas pola patronal para impoñer ERE e ERTE de xeito indiscriminado. Co agravante de que os ERTE que facilita a última reforma laboral, e que están a impoñerse coa aplicación dos acordos do diálogo social nos chamados Acordos dos ERTE, non protexen a clase traballadora, tal e como a central leva denunciando dende hai un ano.

A isto hai que sumar que a reforma fiscal do Goberno Aznar que hoxe segue en vigor está a provocar que moitos sectores da clase traballadora sexan os que máis impostos pagan ao ter dous pagadores. “En consecuencia, coa declaración da renda deste ano, como xa alertamos que ía acontecer, pagan máis a Facenda os que menos ingresos teñen; en definitiva, cobramos menos salario e pagamos máis impostos”, tal e como sinalou o secretario xeral da CIG durante a súa intervención ao remate da manifestación central do Primeiro de Maio, celebrada en Vigo.

Por estas e outras cuestións, Paulo Carril amosouse moi crítico co Goberno de PSOE-Unidas Podemos, ao que acusou de actuar ao ditado do neoliberalismo e das directrices da UE, “por moito que se disfracen con gran despregamento de centralismo madrileño e chamadas á lacra do diálogo social”. E censurou que a “permanente propaganda” sobre a derrogación das



reformas contrasta cunha vixencia que cada día “tortura a máis traballadores/as e permite que sigan as facilidades á patronal para ERE ou ERTE á carta”.

Cando ademais imos camiño dun empeoramento da crise derivada da pandemia con novos despedidos e dunha maior caída dos salarios, rendas e prestacións. “É imperdoábel que non haxa iniciativas políticas máis atrevidas no Congreso dos Deputados/as para derrogalas, cando se anuncian novas reformas, duras e severas medidas que esixe a UE para acceder aos fondos europeos: recortes nas pensións públicas, privatizacións de servizos públicos, reforma fiscal para máis impostos aos pobres e menos aos ricos”.

### Todo o poder para a patronal

En consecuencia, a credibilidade do Goberno pasa por derrogar as reformas antes de que a crise siga avanzando, “porque o paso do tempo fai que aumente a ameaza dos despedidos, xa que lle dan poder total á patronal para que de maneira unilateral decida o futuro de centos de traballadores/as”.

A CIG leva meses mobilizándose e seguirá a facelo para evitar que a clase traballadora pague unha vez máis a crise, e achegou unha serie de propostas para unha saída galega xusta, con medidas como un verdadeiro Plan de Recuperación Económica, Industrialización, Creación de Emprego, Dereitos e Servizos Públicos. Propostas que urxen a unha intervención pública na economía, no sistema financeiro, na industria e na protección social, concentrando todos os recursos públicos nun desenvolvemento económico e social xusto que garanta o dereito a poder vivir e traballar dignamente na nosa terra.

“E facemos estas propostas coa lexitimidade que nos dá ser a primeira forza sindical en Galiza e estar nas rúas e nos centros de traballo todos os días, loita a loita, confrontando esta situación e dando alternativas”. Finalmente, fixo fincapé en que no momento histórico que vivimos “a mobilización, a solidariedade e a unidade de clase, a combatividade, a loita obreira e a mobilización social son o camiño para conquistar un futuro digno como clase traballadora e como pobo galego”.

# Folga no metal contra o convenio da traizón

A federación de Industria da CIG vén de convocar unha folga de catro horas no sector do metal da provincia de Pontevedra o mércores 12 de maio para rexeitar o convenio colectivo pactado entre os sindicatos CCOO e UGT e as patronais Asime, ATRA e Instalectra. A central denuncia que o acordo supón “unha nova traizón sindical” que precariza aínda máis as condicións laborais no sector, especialmente as do persoal eventual ao eliminar o pago da cláusula de eventualidade mes a mes.

A CIG puxo en marcha unha ofensiva contra o convenio do metal nada máis coñecerse que CCOO e UGT negociaran fóra da mesa co empresario e chegaran a un acordo dous días antes de que se fixese efectiva unha convocatoria de folga no sector, prevista para o 22 de abril. O primeiro que fixo a central sindical foi convocar unha asemblea de delegados/as do metal para analizar o contido dun acordo que empeora incluso a última proposta da patronal e decidir a folla de ruta que comezou cunha protesta diante da sede de Asime o 4 de maio.

Ao remate da mobilización, o secretario comarcal da CIG-Industria de Vigo, Xulio Fernández, anunciou a convocatoria do paro de media xornada, que coincidirá coa celebración na cidade dunha asemblea de delegados/as de toda a bisbarra. Ao mesmo tempo, a central sindical ten organizada tamén unha manifestación en Vigo o 19 de maio o lema “Salvemos o naval. Polo futuro industrial da comarca de Vigo”. A marcha, coa que se pretende denunciar o proceso de desertización industrial, simbolizado na grave crise que atravesamos no naval, arrincará do cruce da Dobrada ás 18:00 horas. Esta non será a última mobilización que a central sindical ten prevista, e aproveitarase a asemblea do día 12 para anunciar as seguintes.

Durante a mobilización diante de Asime, o responsábel da CIG-Industria de Vigo explicou o xeito en que os sindicatos estatais e as patronais do sector consumaron “unha nova



traizón” aos traballadores/as do metal e repasou os aspectos máis lesivos que contempla o acordo, ao tempo que denunciou a estratexia de CCOO e UGT de pechar en falso os convenios facendo concesións que precarizan as condicións laborais e renunciando a “dereitos históricos” conquistados grazas á loita da clase traballadora.

“Hoxe venderon a cláusula de eventualidade; que van vender mañá cando non queda nada? A nosa dignidade? A nosa propia vida?”, preguntouse. Por iso chamou os empregados/as do sector a facer unha demostración de forza e a seguir acumulando para cambiar a correlación de forzas nas empresas. “Hai que ter claro a quen se vota nas eleccións sindicais”, sinalou. Mais tamén

lle lanzou un recado aos sindicatos estatais: “Nós estamos dispostos/as a seguir negociando, pero teñen que reflexionar e comportarse como sindicatos de clase non asinando un acordo que precariza aínda máis aos compañeiros/as eventuais”.

Pola súa banda, o secretario comarcal da CIG-Vigo, Alberto Gonçalves, fixo fincapé en que a loita obreira é o único camiño para conquistar melloras laborais e sociais. “Nada nos foi regalado nunca, nin co pacto social nin nada, foi sempre foi coa loita”. Por iso amosouse convencido de que aínda hai posibilidade de parar a sinatura do convenio, “pero temos que presionar e deixarlles moi claro que non imos permitir un ataque desta magnitude aos nosos dereitos”.

## Novos paros por un convenio digno na limpeza da Coruña

Diante da actitude “desprezativa e insultante” da patronal do sector de limpeza de edificios e locais do convenio da provincia da Coruña, o comité de folga anunciou novas xornadas de paro para os días 11 e 12 de maio, ampliando ademais o ámbito da convocatoria ao sector de limpeza equiparado da administración pública galega: as instalacións da Xunta de Galiza, o Parlamento galego, o Valedor do Pobo e o campus universitario de Santiago de Compostela.

Malia a xornada de folga do pasado día 22 de abril, a patronal mantén a pretensión de suprimir do convenio o dereito a incrementar a xornada e a xubilación parcial, ademais duns incrementos salariais do 0% para 2020 e do 1% para 2021, relegando á máis absoluta precariedade a miles de mulleres que traballan, maioritariamente, a tempo parcial. Unha proposta “impresentable” e “inadmisíbel” que combaterán até conseguir a dignificación das condicións laborais.



# O impacto da concentración bancaria

A crise financeira, que tan graves consecuencias económicas, sociais e laborais tivo no noso país, levou a un proceso de “reestruturación” bancaria imposto pola UE que hoxe celebran os grandes grupos multinacionais propietarios dos principais paquetes de accións.

O proceso de concentración bancaria no Estado español, promovido polo Banco Central Europeo, laminou a competencia, provocou miles de despedimentos, nunha reconversión salvaxe, moitos aínda en curso nos distintos ERE presentados, permitiu encarecer servizos—de xeito pactado entre as distintas entidades—, impor á clientela restricións e proceder a un incesante peche de oficinas.

Con cada fusión son máis as vilas galegas que quedan á marxe dos servizos financeiros e menos as opcións para atopar unha entidade que ofrezca mellores servizos e menos comisións. Entre o 31 de decembro de 2010 e o 31 de decembro de 2019 pecharon en Galiza 555 oficinas de bancos e 460 das antigas caixas. Máis de 1000 ás que se sumarán outras que xa teñen gravada a súa data de caducidade.

As entidades marxinan cada vez máis á clientela menos rendible. Ao tempo, forzan a transformación das persoas

aforradoras en “investidoras” a quen poder colocar produtos financeiros cada vez máis complexos, traspasando o risco.

A banca expulsa ademais a clientela das oficinas, reducindo horarios de caixa ou mesmo cobrando por retirar cartos das propias contas para provocar a súa “dixitalización obrigatoria”, o que aboca á dependencia dixital ou directamente á exclusión do sistema financeiro das persoas maiores.

Para este proceso, o propio persoal dos bancos ten instrucións para instalar a aplicación correspondente no teléfono móbil da/o cliente na propia oficina e facer desde aí a operación. A partir dese momento, esa persoa pasa a constar para entidade como outro cliente dixitalizado máis e outro cliente de oficina menos.

Isto utilízano despois as propias entidades financeiras para xustificar os ERE, so pretexto de que sobra persoal, xunto coas supostas baixadas de beneficios—que non perdas— para as que alegan o período de pandemia.

ERE que poderán aplicarse porque as reformas laborais non foron derogadas,

o que facilita a decisión unilateral de proceder a despedidos masivos aos bancos e sitúa o persoal nun marco de negociación desfavorable, non só para o persoal despedido, senón tamén para o que quede, porque se lle poderán aplicar medidas lesivas en materia de horarios ou salarios. No plano económico, os grandes bancos só serven para dar servizo ás grandes corporacións e empresas porque o proceso de reconversión fulminou as entidades financeiras propias deixando sen soporte

o noso tecido de PEMES, persoas aforradoras, autónomas e minoristas, que viron restrinxido o seu acceso ao crédito.

Por iso a CIG vén denunciando e combatendo o modelo de sistema financeiro que se impón,

mobilizándose contra os ERE, exixindo o mantemento das oficinas bancarias, para evitar que se siga expulsando á xente do rural e demandando a creación dun Banco Público Galego que actúe ao mesmo tempo como Axencia Financeira de Institucións Galegas, co obxectivo de reformular os instrumentos financeiros a disposición das familias e das nosas empresas.

**As entidades marxinan cada vez máis á clientela menos rendible.**

## Repsol presenta un ERTE logo de obter beneficios millonarios e sen garantir investimentos na refinería

En pleno proceso de transición enerxética e tras obter uns beneficios de 648 millóns de euros durante o primeiro trimestre, Repsol pretende aplicar un ERTE na refinería da Coruña para 212 traballadores e traballadoras durante seis meses. Esta regulación fraudulenta formúlase ademais no medio da negociación do Acordo Marco en Madrid, a través do que a petroleira quere recortar os dereitos laborais, aplicar unha rebaixa salarial do 10% e eliminar conceptos como a antigüidade.

O ERTE de Repsol constitúe un exemplo máis das consecuencias de

manter plenamente vixente unha reforma laboral que deixa todo o poder de decisión sobre a continuidade dos empregos en mans da patronal. Mais tamén pon en evidencia a falta de políticas públicas para abordar a transición de maneira xusta para os territorios afectados e a ausencia dunha política industrial por parte da Xunta de Galiza, que segue sen pór en marcha medidas para abordar as mudanzas que necesita a refinería.

Resulta vergoñenta a inacción do Goberno galego neste conflito, que se nega mesmo a concretar cales foron os temas tratados na reunión que o

presidente Feixoo mantivo co conselleiro delegado de Repsol e coa directora do complexo da Coruña, poucos días antes de anunciarse o ERTE.

Fronte ás pretensións patronais, a CIG trasladou a Repsol unha proposta para materializar un futuro viábel para o complexo industrial que garanta o mantemento de todos os empregos e continuidade produtiva. Estas garantías de futuro pasan inevitabelmente porque a compañía presente un plan de investimentos para adaptar o complexo ao proceso de transición enerxética, con respaldo económico real e proxectos solventes.

# 17 de Maio, Día das Letras Galegas: Queremos vivir en galego!

A CIG chama a participar na concentración convocada para o vindeiro 17 de maio, Días das Letras Galegas, pola plataforma cidadá Queremos Galego, da que forman parte máis de 500 entidades sociais e culturais do país. A mobilización terá lugar ás 12:00 horas, na Praza do Obradoiro, en Santiago de Compostela, baixo o lema 'Queremos vivir en galego'.

Debido ás restricións sanitarias, este evento contará cunha capacidade limitada polo que a plataforma solicita a inscrición previa no seguinte enderezo web: <https://www.queremosgalego.gal/>. A organización distribuirá o espazo entre as primeiras persoas que se inscriban, mantendo a distancia de seguranza e cumprindo todas as medidas de seguranza sanitaria.

Queremos Galego lembra que desde decembro do 2019 até hoxe conta cun informe da ONU e dous do Consello de Europa que recollen o que vén denunciando desde hai anos: que o marco legal para o ensino non respecta a Carta Europea das Linguas, que na xustiza non se garante o uso do galego en calquera proceso ou as dificultades para a atención na administración pública.

Salienta ademais que a sociedade galega mantivo este ano a súa mobilización, con centos de iniciativas para gañar novos espazos para o galego ou evitar retrocesos noutros. Destaca, por exemplo, a Iniciativa Xabarín, que chega ao Parlamento con máis de 33.000 sinaturas para garantir a posibilidade de gozar de contidos audiovisuais en galego, nomeadamente para a infancia e a mocidade.

Neste sentido, a CIG leva anos traballando para que se solucione o problema da paulatina desaparición



do galego, tanto desde a mobilización e a resposta social como desde a elaboración de propostas para saírmos da situación de emerxencia lingüística na que está o noso país, cunha perda constante de falantes que ten especial incidencia na mocidade.

## O galego no ensino

A central sindical salienta que a situación é especialmente grave no ensino, onde "todos os informes e estudos realizados chegan á mesma conclusión: só o alumnado galego falante remata a etapa obrigatorio con competencia plena nas dúas linguas, galego e castelán, mentres que unha cuarta parte do alumnado castelán falante recoñece que remata sen ter a capacidade para falar en galego".

Denuncia que as administracións levan anos lexislando para promover o progresivo abandono da nosa lingua en contra do que di a Lei de

Normalización Lingüística. Chama a "recuperar a presenza do noso idioma en todos os ámbitos" e, nomeadamente, nas aulas "para que as nosas crianzas vexan recoñecido o seu dereito de vivir en galego" e para "facer reversible o que queren que sexa irreversible".

Nesa liña, este 17 de Maio reclamaranse avances para que a administración da Xunta e do Estado atendan xa as demandas da sociedade galega e das institucións internacionais, porque "queremos vivir en galego con toda liberdade, con total normalidade, sen límites, sen coaccións e sen exclusións. Podermos usar e dispor da nosa lingua en todo e para todo é un dereito recollido na declaración universal dos dereitos humanos, o pacto internacional dos dereitos civís e políticos ou a Carta europea das linguas, que para o galego aínda temos que conquistar día a día".